



# O CISNE

XI CONCURSO DE CUENTOS REPSOL, S. A.

SEGUNDO PREMIO EN LENGUA GALLEGA

Autor: Yago Méndez Conde

ANO 1998

As escaleiras mecánicas transportaban a ducias de persoas que iluminadas por tubos de neón e letreiros dun branco escintilante avanzaban pouco a pouco cara ás ofertas máis agardadas: prezos cheos de noves, coa contía anterior do producto tachada cunha cruz vermella, escrita en pequeno nunha esquina da etiqueta. Mulleres cos seus fillos, moitos deles con mochilas aparatosas e un «phosquito» na man, derreténdose o chocolate; parellas novas e sorrintes, uns mellor vestidos ca outros; velliñas que máis que comprar ían botarlle unha ollada a cada unha das seis plantas dos grandes almacéns.

Ela deambulaba polo terceiro andar, alí onde pasara tardes enteiras nos probadores, sen gastar nin un peso, por suposto. Non era demasiado alta, máis ben baixiña, pero de andar distinguido e unhas botas de considerable plataforma. Buscar un nome para a cor da súa longa melena sería unha tarefa difícil de máis, poderíamos aproximarnos dicindo que era un laranxa un tanto artificial, con raíces negras e mechóns loiros. Os seus ollos, marróns, e os seus beizos, moi pintados. Levaba un pendente no nariz e outro no embigo, aínda que este último non o lucía xa que puxera unha camiseta longa e frouxa. Pensaba poñerse algún máis ó cumprir os dezasete; faltaba pouco. Os vaqueiros que tiña postos algún día foron azuis, e xa ameazaban con rebentar por algunha costura.

Pensou en baixar á zona da música, na planta inferior. Por desgracia para ela as escaleiras mecánicas que tiña ó seu carón só levaban unha dirección: a de subi-

da. Había dúas escaleiras, as da dereita levaban ó cuarto andar e as da esquerda viñan do segundo, ó que quería acceder ela. Para buscar as de baixada tería que percorrer unha boa distancia, ata o outro extremo da planta. Demasiado traballo para a princesa do inferno (iso puña na súa camiseta, en inglés). Con paso decidido baixou polas escaleiras que subían do andar inferior, contra corrente, atopando de fronte diferentes caras de malestar. Algunhas falaban:

—¡Ei, bonita, que isto é para subir!

Ela fixo oídos xordos. Cando estaba preto do final chocou contra a bolsa que unha muller levaba na man. Soou a roto, a cristais rotos. Iso motivou que ela acelerase a súa marcha. A muller, duns sesenta anos e cun sombreiro negro, tardou algo máis en reaccionar. Volveuse e berrou:

—¡Rapaza! ¡Volve aquí!

Dixo algo máis, irritada, pero as súas palabras mesturáronse coa música da megafonía e co falar doutras xentes. Ela perdeuse entre a multitude mentres se queixaba do golpe que levara na tibia.

A sección de música estaba especialmente decorada con grande variedade de rótulos, carteis e algún aparato de luz e son. Ela saudou unha cara coñecida antes de entrar. Cunha ollada rápida repasou todas as portadas de discos compactos das estanterías máis próximas, e despois achegouse ós auriculares que había ó fondo. Oito aparatos en dúas filas de catro, cada un para un disco en promoción. Apropiouse dos únicos

que non estaban ocupados, sen importalle o nome do artista co que ía pasar uns minutos; ó seu carón, un rapaz duns dez anos escoitaba entusiasmado cos ollos pechados e cunha man en cada auricular, flexionando leve e rapidamente os xeonllos. Ela, mentres escoitaba indiferente, parouse a fitar á cámara de seguridade que tiña a uns metros. Estivo así, cavilando, un tempo. Despois deixou os auriculares no seu lugar e botoulle a lingua á cámara.

Nun recuncho da sección atopábanse os compactos que lle interesaban. Non era unha zona moi vixiada. A persoa máis próxima estaría a uns cinco metros. Colleu un compacto e observou a etiqueta plastificada de seguridade. De seguido sacou unha chave do peto dos pantalóns e esgazou a modiño a etiqueta. Había unha cámara preto dela pero apuntaba cara a outro lugar, ela sabía que estaba fóra do ángulo de visión, e ademais unha estantería colocada ás súas costas impedía que os vendedores advertisen os seus movementos.

Cando estaba a piques de despegar a etiqueta escoitou voces a pouca distancia:

—Si, claro que o temos; está alí, onde os recopilatorios.

Un vendedor e un cliente achegábanse. Ela deixou o compacto no seu sitio, gardou a chave e saíu da sección sen chamar a atención de ningunha maneira.

Foi ó outro extremo da planta. Alí había artigos de muller, en especial pendentes, moitos pendentes. Era un lugar moi iluminado. Todos os pendentes estaban

detrás dunhas cristaleiras de medio metro de lonxitude, separadas por uns tabiques rosados. Tralo cristal os pendentos permanecían nun acolchado fondo vermello, que lles daba un toque luxoso.

Ela viu uns que lle gustaban. Observounos moi pausadamente mentres facía unha cola co seu cabelo utilizando unha goma branca que ata entón levaba no brazo. Despois pousou as mans no cristal.

—¿Buscas algo en especial? —inquiriu unha vendedora.

Era unha muller de trinta anos. Alta, esbelta, radiante. Levaba o seu cabelo castaño moi peiteado, á altura das orellas, e vestía elegantemente co uniforme dos grandes almacéns.

Ela virouse sen dicir nin palabra. Sacou un chicle do peto, pelouno e meteuno na boca. Gardou o papel no mesmo peto mentres procedía ós primeiros mordiscos. Observou o verde dos ollos da vendedora. Pareceulle unha cor fermosa.

—Estou a mirar. Gracias.

Aquel «gracias» resultou moi seco. Incluso desagradable. A vendedora asentiu coa cabeza e camiñou cara a outro lugar.

Non pasou moito tempo cando unha muller realmente obesa tomou lugar xusto a súa beira. De seguro que pesaba máis de cen quilos. Tiña un torpe andar, era fea, as súas prendas de vestir pertencían a unhas tallas máis que especiais. Rozaba a monstruosidade. Entón apoiou a súa gorda man no tabique da cristaleira, a

escasos centímetros dos pendentes que ela contemplaba. Foi un movemento basto, sen gracia, e o cristal acusouno levantándose uns milímetros do tabique.

Non soou ningún tipo de alarma nin nada semellante. Ela decatouse de contado e tentou separar o cristal máis aínda coas unllas dos polgares. Moveuno tamén uns milímetros. Sen saber moi ben por que, ocrreuselleva mirar á muller obesa, había algo de estraño na súa presenza. Tiña os ollos pechados e non movía nin un músculo. Entón tambaleouse sen abrir os ollos e arqueou os seus grosos dedos. Afundiuse para diante, partindo o cristal cos brazos, e de seguido caeu en diagonal cara a diante e ó lado oposto onde estaba ela.

As alarmas fixeron efecto, e para cando as cabezas de clientes e empregados xiraron para decatarse do desmaio de tan enorme muller, ela xa tiña os pendentes desexados nas súas mans e corría escaleiras abaixo, esta vez en correcta dirección, mentres supuña que todos os presentes socorrerían á señora.

No andar inferior, loxicamente todos eran alleos ó suceso e seguían a súa actividade normal de compra. Ela volveu camiñar a un ritmo máis lento, directamente para á porta de saída. Alí, ó fondo os coches transitaban facendo ruído baixo un ceo gris. Cando xa case tiña un pé na rúa advertiu á súa dereita, de costas, á muller do sombreiro negro falando cun garda de seguridade.

—...E rompeu o meu cisne de cristal, como lle digo, e despois empurroume e tironme ó chan, e non

parou de dar-me puntapés... ¡Mire! ¡Mire senón este moratóns que teño aquí! Ademais tíñame pinta de drogadicta, con alfinetes ou cousas así por toda a cara, e cadeas...

Ela non se volveu, e cando circulaba pola beirarrúa converteuse nunha transeúnte máis.

Pouco despois, no Día da Nai, xa tiña empacetao o seu agasallo.

—Para ti, quérote.

A nai mirou sorrinte os pendentes, mordeu o beizo inferior e xirou a cabeza, como dicindo «non».

—Pero filla, ¡non era necesario que gastaras tantos cartos!

E deulle unha aperta, emocionada.